

Aquí van os comentarios que che tiña prometido e que ao longo de bastante tempo fun adiando na procura de pór algo de orde na miña axenda e como non tamén ter vontade por pórse en faena. Emprego a estrutura dunha carta porque penso que ao final me vai ser moi útil é gráfico para expor as miñas ideas sobre *A pedra e o lobo*.

Antes de nada darvos os meus parabéns tanto a ti como a Susi polo esforzo realizado e pola implicación nunha proposta onde hai tanto de vós. Mais estaredes conmigo que este filme é un proxecto que de por si é unha provocación aos estándares cinematográficos. Mais a pesar de notar ese desafío non sei se se logrou totalmente o pretendido e, quizais, ese punto de mira teórico leva a contradicirse coas imaxes. Porén, aínda así, a pesar deste fracaso (aparente) creo que é un filme que conduce, sen dúbida, cara novos camiños. E eu, persoalmente, tomo nota.

Entrando polo miúdo neste punto é a proposta de celebrar que vas a facer unha película sen historia. Obviamente, e non podía ser doutro xeito, é unha posición moi hábil para entrar na ficción. Mais aínda así non o fas moi convencido e sempre saen as costuras de instancias do documental. Está claro que a plusvalía cinematográfica de hoxe en día está en sacar réditos desa lameira onde se misturan a ficción e o documental.

A celebración da non-historia para min non se chega a cumprir e entón é onde se produce un efecto de estrañamento que serve, quizais, para ir á medula dos mínimos nos que se constitúe a materia da ficción. Para min o filmar un home e unha muller xuntos aí xa hai unha historia. Supoño que serán as unidades mínimas da ficción. Logo, pódese engadir a pistola que dicía Godard ou máis complementos. Mais a min sempre me chocou a expresión de Todorov, formalista ruso que recolleu e analizou os contos rusos: "Só existen tres historias, o resto son combinación destas tres historias".

Collendo este desafío ti sitúas a dous personaxes en distintos espazos, en distintas relacións con obxectos e distintas postas en escena. Facendo iso saen a luz conflitos. Que parecen que están soltos? Que parecen que son accións performativas? Que hai vontade de reducir o magma enunciativo? Si, mais ao final non se cumpren as expectativas.

Recorres a secuencias ou a posicionamentos que parecen interpretacións xenéricas (comedia, drama, musical, surrealismo, experimentalismo). A min pareceume que en termos xerais é moi "Nouvelle vague", moi francés e moi Godard. O catálogo de referencias son moitísimas desde *O final da escapada* a *Film Socialismo*.

Mais ata que punto esta actitude referencial non é recoñecer non só pequenas historias senón historias con maiúsculas, como pode ser a filmografía de Godard ou incluso a Historia do Cine en xeral, o resto de citas artísticas (poemas, pinturas, música) ou incluso a todo o que poñedes das vosas vidas? Mais isto lévanos ao que nos dicían do final da historia, o fin dos grandes relatos e todo iso... Umm, entón a túa película quere ser unha contestación dese feito? Constatas a dificultade de non poder facer unha non-historia? Se é así saes airoso e o que nun principio considerarei fracaso haberá que consideralo un éxito.

Se isto é así haberá que pensar en como manipulas ao espectador, como se fora unha ficción máis. É dicir que o que a historia pode ser é a constatación dese pretendido experimento de non querer contar unha historia e que, ao final, se constata que é fallido. Esa é a historia?

Supoño que estas variacións sobre todo o recoñecible permíteche establecer unha plantilla ou metodoloxía de traballo. E todo isto o que fai é que o espectador avezado intente levarche a contraria recoñecendo historias ou esquemas de contar historias. Supoño que é como o xénero epistolar do que estou facendo uso. Ata o de agora seguí un palimpsesto definido en prol de dar conta das impresións de filmes. Mais podía facelo doutro xeito...

Cinema, vídeo, historia, biografía, filmografía, cinefilia, viaxe, vida, relato, diario, conto, poema, libro, música, concerto, carta, eu, ti, ela, estrada, mar, barco, transbordador, Godard, Vikingland, Mediterráneo, Atlántico, Europa, América, novo, vello, home, muller, amor, sexo, odio, corpo, pistola, vida, morte, Biblia, texto, creación, realidade...

Ata que punto existe unha consciencia creativa? Ata que punto o que facermos é un inventario de tags no que por orde ou seleccionar información? Ata que punto as novas tecnoloxías son vehículos artísticos para sacar poesía á realidade? Ata que punto a nosa vida non é máis que un "cadáver exquisito"? Ata que punto somos conscientes das regras da vida? Ata que punto somos pasado e presente?

En definitiva que o teu traballo responde as unhas inxerencias e n' *A pedra e o lobo* segues teimando nesa loita. E creo que aí radica o maior dos éxitos, teimar sumando fracasos.

Saúde a ti e a Susi.

Xurxo

**Carta de Xurxo Chirro
sobre A Pedra do Lobo (28-03-2011)**

Estimado Alberte: